

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 2 de setembro de 2024**

Con data dous de setembro ano dous mil vinte e catro, ás dez horas, réunese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Teresa Barge Bello

D. Jorge Pumar Tesouro

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asisten os/as deputados/as provinciais, D. Plácido Álvarez Dobaño e D. César Manuel Fernández Gil que escusan a súa ausencia.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE AGOSTO DE 2024.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de agosto de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 27 de agosto de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA XXXIII EDICIÓN DO PREMIO DE XORNALISMO XOSÉ AURELIO CARRACEDO.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases e a convocatoria da XXXIII edición do premio de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, correspondente ao ano 2024, conforme coas seguintes cláusulas:

Primeira. O premio Xosé Aurelio Carracedo dividirase en dúas modalidades:

- a) **Premio á traxectoria profesional, cuxa dotación será de catro mil cincocentos euros (4.500,00 €) e diploma acreditativo** para recoñecer a traxectoria profesional dun xornalista. No fallo serán tidos en conta especialmente os vencellos persoais ou profesionais con Galicia, en particular coa provincia de Ourense.
Poderán ser candidatos/as a esta modalidade todos/as os/as profesionais ou colaboradores/as habituais que exerzan o seu labor en medios de comunicación escritos, audiovisuais ou dixitais.
Nesta modalidade, as candidaturas ao premio serán presentadas:
 - a.1) Polos/as membros do xurado, cada un/unha dos/as cales poderá formular ata 3 propostas.
 - a.2) Por institucións, asociacións ou colectivos de calquera ámbito (económico, social, cultural ou deportivo, etc.), que poderán presentar 1 proposta.
- b) **Bolsa Xosé Aurelio Carracedo, cunha dotación de tres mil euros (3.000,00 €),** para o mellor expediente de entre os presentados ao certame polo estudantado ourensán que cursara o primeiro ano do grao en Xornalismo no sistema público universitario español, correspondente ao ano académico 2022-2023.

Segunda. O xurado do Premio Xosé Aurelio Carracedo de Xornalismo estará presidido polo presidente da Deputación de Ourense ou persoa en quen delegue, e como vogais:

- Un/unha representante do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.
- Un/unha representante da Federación de Asociacións de Periodistas (FAPE).
- Un/unha representante da Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela.

- Un/unha representante da Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación da Universidade de Vigo.
- O secretario do xurado, con voz pero sen voto, será o asesor de Comunicación da Deputación de Ourense.

Terceira. A presentación de candidaturas á traxectoria profesional e expedientes académicos que opten á bolsa realizarase do seguinte modo:

- a) Cada un/unha dos/as membros do xurado fará chegar ata un máximo de 3 candidaturas á **traxectoria profesional**, acompañadas dunha breve xustificación da proposta.
- b) As institucións, colectivos e asociacións poderán enviar ata 1 candidatura á **traxectoria profesional**, acompañada dunha breve xustificación.
- c) O estudantado que opte á **Bolsa Xosé Aurelio Carracedo** presentará unha copia en formato PDF do seu expediente académico, acompañado dos datos persoais: nome e apelidos, domicilio, teléfono, enderezo electrónico e copia do DNI.

Cuarta. As propostas dirixiranse ao Gabinete de Comunicación da Deputación de Ourense dentro dos 30 días naturais seguintes ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), conforme cos modelos anexos ás bases (anexo 1 para xurado e entidades; anexo 2 para bolsas) e dispoñibles na páxina web www.depourense.es, na sección de “Premios”.

As modalidades de presentación serán as seguintes:

- a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da proposta no Rexistro da Deputación Provincial de Ourense ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
Neste último caso –a presentación de propostas noutro rexistro diferente ao da Deputación de Ourense- recoméndase enviar copia da instancia ao enderezo electrónico: premioscarracedo@depourense.es
- b) De forma telemática, a través do rexistro electrónico xeral da sede electrónica da Deputación Provincial, no enderezo <https://sede.depourense.es>

Quinta. O prazo de presentación das propostas á traxectoria profesional e de expedientes para a Bolsa Xosé Aurelio Carracedo pecharase transcorridos 30 días naturais, contados a partir do

día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Sexta. Unha vez finalizado o prazo de presentación de propostas e expedientes académicos, o xurado reunirase dentro dos 15 días naturais seguintes para emitir o seu fallo, e serán convocados polo secretario do xurado.

Sétima. O acto de entrega do XXXIII Premio de Xornalismo Xosé Aurelio Carracedo terá lugar nun acto público que se celebrará no Salón de Plenos da Deputación Provincial de Ourense, cuxa data e hora comunicaranse mediante a oportuna convocatoria pública.

Oitava. A participación neste premio periodístico implica a aceptación das bases. Quedan excluídos de participar neste certame os funcionarios/as e o persoal laboral da Deputación de Ourense. Valorarase de xeito positivo a realización e presentación de traballos en lingua galega.

2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP de Ourense e no taboleiro da sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.

3º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 (PLAN INICIAL) EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE CORTEGADA.-

De conformidade coa proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo: Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Cortegada, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Renovación da sinalización do concello de Cortegada	59.990,64	59.990,64	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora do vial do acceso aos Chaos	48.000,00	48.000,00	0,00
Adecuación da entrada do Parking de autocaravanas	11.990,64	11.990,64	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

4º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 (ACHEGA COMPLEMENTARIA) EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE LAROUCO.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Larouco, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada e a remanentes por baixa na adxudicación as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial € (complementaria + remanente)	Achega municipal €
Limpeza da liña eléctrica no Concello de Larouco	18.137,22 €	13.377,93	4.759,29

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

5º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 (ACHEGA COMPLEMENTARIA) EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE LEIRO.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Leiro, do xeito seguinte:

Causan baixa no plan con cargo a remanentes na achega provincial as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora de camiños: Os Canos – Cubilledo e Coto da Cruz – Orega	16.357,97	9.665,20	6.692,77

Causan alta no plan con cargo a remanentes na achega provincial as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora de camiños: Os Canos – Cubilledo e Coto da Cruz – Orega	16.357,97	16.357,97	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

6º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 (PLAN INICIAL) EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Vilar de Barrio, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora da rede de saneamento en Rebordechao	86.500,00	86.500,00	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora na piscina municipal e no seu entorno	42.400,00	42.400,00	0,00
Saneamento e drenaxe en Vilar de Barrio e Bóveda	44.100,00	44.100,00	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

7º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 (ACHEGA COMPLEMENTARIA) EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE XUNQUEIRA DE

ESPADANEDO.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Xunqueira de Espadanedo, do xeito seguinte:

Causan alta no plan con cargo a achega complementaria aprobada as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora do camiño entre a Barreira e a Graña	23.735,25	13.990,46	9.744,79

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

8º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E EVENTOS, CORRESPONDENTE AO ANO

2024.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Vilar de Barrio, nos seguintes termos:

-Importe: 27.000,00 €.

-Obxecto: actividades socioculturais e eventos, correspondente ao ano 2024.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (27.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón, dos seguintes proxectos:
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario. Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prorroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

9º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DO CARBALLIÑO PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO, CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2024.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello do Carballiño, nos seguintes termos:

-Importe: 40.000,00 €.

-Obxecto: Gastos de funcionamento do conservatorio, correspondentes ao exercicio 2024.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
 - 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
 - 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe da subvención concedida (40.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón, dos seguintes proxectos:
 - 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
 - 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
 - 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
 - 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.
- Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a

realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

10º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE CUALEDRO PARA MELLORA DAS PISTAS LUCENZA - LAROUCO E BALDRIZ, CORRESPONDENTE AO ANO

2024.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Cualedro, nos seguintes termos:

-Obxecto: mellora das pistas Lucenza - Larouco e Baldriz, correspondente ao ano 2024.

-Importe da subvención que se consignou na mod. nº 1/2024 de créditos do orzamento do exercicio 2024: 31.000,00 euros.

-Orzamento de gastos presentado polo solicitante: 30.999,98 euros.

-Importe que procede reducir en base ao orzamento de ingresos presentado: 0,02 euros.

-Importe que procede conceder: 30.999,98 euros.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (30.999,98 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario. Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o

reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de novembro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

11º.- MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE RIÓS PARA COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS, CORRESPONDENTES AO ANO

2024.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o acordo de concesión de subvención ao Concello de Riós, de data 12 de agosto de 2024, quedando co seguinte contido:

-Importe: 62.700,00 €.

-Obxecto: Cofinanciamento de proxectos, correspondentes ao ano 2024.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón, dos seguintes proxectos:
 - 3.1-Plan Marco de mellora de camiños municipais:
 - 1)-Mellora da pista de Cortegada a Trasestrada:46.371,52 euros.
 - 2)-Mellora camiño Castiñeira e do Regengo en Marcelín: 23.914,66 euros.
 - 3)-Importe estudo integral rede viaria: 12.100,00 euros.
 - 4)-Control de calidade: 1.523,69 euros.
 - 3.2-Obras para a minimización das perdas da auga:
 - 1)-Melloras para a eficiencia hidráulica e redución das perdas de auga no abastecemento do Concello de Riós: 43.103,08 euros.
 - 2)-Gastos de honorarios: 2.601,50 euros.
 - 3.3-Substitución fosa séptica:
 - 1).-Substitución da fosa séptica en Pedroso: 26.859,23 euros.
 - 2).-Gastos de honorarios: 2.420,00 euros.
 - 3.4-Realización de auditorías municipais das redes de saneamento: 18.056,83 euros.
 - 3.5-Regas asfálticas:
 - 1)-Dobre rega asfáltica en Mirós, Sarreaus e Riós: 22.664,73 euros.
- 3.6- Planificación enerxética entidades locais: 17.545,00 euros.**
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.
- 8.-Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

12º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA ARRANXO DE VIARIOS NO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA, CORRESPONDENTE AO ANO 2024.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Xinzo de Limia, nos seguintes termos:

-Obxecto: “Arranxo de viarios no concello de Xinzo de Limia, correspondente ao ano 2024”.

-Importe da subvención que se consignou na mod. nº 1/2024 de créditos do orzamento do exercicio 2024: 55.000,00 euros.

-Orzamento de gastos presentado polo solicitante: 48.380,50 euros.

-Importe que procede reducir en base ao orzamento de ingresos presentado: 6.619,50 euros.

-Importe que procede conceder: 48.380,50 euros.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (48.380,50 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario. Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como

xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de novembro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

13º.- SUBVENCIÓN Á FAVOR DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE OURENSE PARA “GASTOS DE FUNCIONAMENTO”, CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2024.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 €.

-Obxecto: “Gastos de funcionamento”, correspondentes ao exercicio 2024.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención da entidade beneficiaria, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe da subvención concedida (50.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón, dos seguintes proxectos:
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario. Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo

solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

14º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA SOCIEDAD FILARMÓNICA SOLPOR DE CELANOVA PARA PROGRAMA ACTIVIDADES AÑO 2024.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da entidade Sociedad Filarmónica Solpor de Celanova nos seguintes termos:

-Importe: 5.000,00 €.

-Obxecto: programa actividades ano 2024.

-Xustificación: a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei (modelos C1, C2, C3 dispoñibles na páxina web da Deputación Provincial de Ourense: (<https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>), á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible

na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense
<https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida (5.084,00 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

